

Daniel Salgado: *Éxodo*

Isaac Lourido Hermida

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

LOURIDO HERMIDA, ISAAC (2011 [2008]). “Daniel Salgado: *Éxodo*”. *Anuario de Estudos Literarios Galegos*: 2006, 196-197. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/93>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

LOURIDO HERMIDA, ISAAC (2008). “Daniel Salgado: *Éxodo*”. *Anuario de Estudos Literarios Galegos*: 2006, 196-197

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

DANIEL SALGADO: *ÉXODO*

Isaac Lourido Hermida

Éxodo é o terceiro libro de poesía de Daniel Salgado. Os precedentes *Sucedo* (II Premio Uxío Novoneyra, 2004) e *días no imperio* (XXIV Premio Esquíó, 2004) determinan unha orientación política na escrita do poeta monterrosino que, con todo, convén fixar con sutileza e recoñecer nela o desbordo de etiquetas estreitas. O interese do conxunto da súa obra, e moi especialmente a partir dalgunhas das pautas introducidas en *días no imperio*, hai que situalo no eixe en que converxen a vontade de intervención social a través da produción artística, a procura da actualización dos mecanismos de expresión que contribúan na conformación dunha (provisoria) vangarda poética e mais a necesidade de recoñecer e encadrar a posición exacta da poesía galega nas manifestacións culturais do cambio de século.

Éxodo preséntase como un fragmento de ferverza desbocada, enmarcado polos puntos suspensivos que se poden ver ao comezo e ao final dun poema que se estende por vinte e oito páxinas. Lembra esta disposición a algunhas das fórmulas adoptadas polas vangardas literarias de vocación política e de esquerda, tales como o Futurismo ruso ou o Concretismo brasileiro, con autores como Vladimir Maiakovski ou Ferreira Gullar (pénsese no descomunal *Poema sujo*, de 1974), por citar dous nomes que Salgado refire de forma explícita. Late no poema, asemade, a tentativa de artellar unha voz colectiva, empeñada en servir como campo de probas para re-pensar Galiza como suxeito histórico, e para proxeitalo cara ao futuro, como acción, “sen esencia”, en palabras de Iria Sobrino.

e o que nos deron foi aínda unha patria, que é
coma quen estarrica tanto o verso que xa non funciona,
que é
como a froita esa tan bonita co miolo asaltado
polo invasor ou pola manía de collelo todo,
pola manía da nacenza, do afastada que pode aparecer
a estirpe
(p. 13)

Esta poesía de pensamento, que nace do pulso que a actividade intelectual debe soster coas circunstancias históricas, desbota as distincións entre o público e o privado, entre o persoal e o político, e incorpora ao imaxinario nacional retallos da Galiza transterrada, forzada ao exilio, á emigración, á expulsión, ao silencio. Imaxinario, por certo, feito ferida nalgunhas achegas escasamente consideradas para a literatura en galego da segunda me-

tade do século XX, como as que Luís Seoane, Lorenzo Varela ou Celso Emilio Ferreiro teimaron en escribir alén mar. Asemade, na parte reconstrutiva do seu poema – enxurrada, Salgado obriga a situar Galiza como entidade doente no intestino do século XX, periodizado mediante sucesivas vagas represivas (Guerra civil española e ditadura franquista, Segunda Guerra mundial, réxime fascista arxentino, etc.).

ao lugar no que por vez primeira o papá mirou o mar,
e foi en mil novecentos cincuenta e oito,
no peirao de Vigo, e foi
porque os avós marchaban a Venezuela e
deixaban
así,
atrás,
este eido zarrado, o lugar das bocas cosidas
(p. 10)

E para dar conta deste imaxinario problemático e en construción, o autor opta pola quebra sintáctica, polo discurso entrecortado e interrompido, sen centro, que a crítica acerta ao sinalar na súa proximidade co jazz e, en concreto, pola aparencia de espontaneidade, con algunhas das posibilidades de execución como a *jam session* ou con estilos coma o *free jazz*, mecanismo que, por certo, xa fora empregado por Xulio Calviño no seu irredento poemario *Anac(onda)* (Amastra-n-gallar, 2004). Como parte dun deseño xeral contrapuntístico, en *Éxodo* introdúcese un pulso conflitivo entre a desolación e a rebeldía, entre o lirismo e o pragmatismo e, tamén, entre o humor e o espanto.

Varias e superpostas son as encrucilladas que demarcan o mapa da poesía galega contemporánea, mais cobran especial protagonismo aquelas nucleadas en torno a diversas faces identitarias, quer a nacional, a sexual, a de xénero ou a propiamente literaria. Aquelas propostas menos submisas co poder tenden a desprazar as súas poéticas cara a terreos que fixen alternativas estética e formalmente rebeldes, no mesmo nivel que a súa insubmisión social. Unha dimensión chave na que esta aposta está a ter lugar, avanzada por algunhas das poéticas máis agudas do último cuarto do século XX como as de Méndez [197] Ferrín ou Alfonso Pexegueiro, é a da linguaxe literaria, tal e como testemuñan Chus Pato, Xabier Cordal, Manuel Outeiriño ou María do Cebreiro, con contributos particulares e distintos, mais xunguidos por esa preocupación común. Precisamente nese carreiro, e coa vontade de configurar unha proposta poética maleada polo real e de dar respostas válidas para a Galiza do século XXI, é dicir, pola necesidade de contribuír a representar un crebacabezas novo para unha linguaxe literaria (nacional) nova, é necesario encadrar *Éxodo*.

Na intención acumulativa do poema cabe tamén unha dimensión metaliteraria, na que Salgado deixa ao descuberto a súa preocupación por como trazar, performativamente, unha escrita acorde ao contido discursivo que se proxecta e, desde logo, oposta a calquera forma sospeitosa de automatización, por dicilo en terminoloxía crítica, ou marcada como automática e evasiva.

que tanto nos ten
abrente ou solpor e que non imos rifar
pola pureza da poesía,
quen penetre na rosa que avise,

se quere, que mande recade ou
que se perda dentro por sempre,
actuamos nunha contorna hostil, esencial-
mente naturalista,
e a rosa preténdese en mala hora
(p. 28)

Convén valorar a distancia que Salgado mantén de forma consciente coa poesía comprometida politicamente dun xeito monolóxico, abeirada ao panfleto e á consigna ineficaces. Só unha crítica miope pode pretender assimilar *Éxodo* a este tipo de poesía e non destacar a súa concepción da escrita como actividade confrontada co historia e coa linguaxe mesma, é dicir, con vontade dialéctica. Non hai, logo, a pretensión de facer poesía como se fose unha práctica cultural masiva, senón, en todo caso, a de pescudar nela como mecanismo popular (en sentidos diversos) e a de situala nun lugar fronteirizo e aberto. Algo de todo isto suxire o breve poema que pecha o libro, titulado precisamente “Método dialéctico” e coda do poema longo que o precede. Os seus primeiros versos poden servir como corolario para todo o que aquí queda dito:

Mirar de fronte as cousas da historia.
Tirar
áncoras
da lingua.
(p. 39)